

Surrealismo

Achegamento á obra de Saturno Lois

(Lugo, 1904 – 1985)

ACHEGAMENTO Á OBRA DE SATURNO LOIS (LUGO, 1904-1985)

Lucila Yáñez

(Departamento de Belas Artes)

En 1917, Guillaume Apollinaire acuña o termo "surrealismo".

En 1924, André Breton publica o *Primeiro Manifesto surrealista*, no que se refire á des-preocupación estética e ao "proceso desinteresado do pensamento".

En 1928, Breton publica *O surrealismo e a pintura*, onde sinala a importancia do azar e o soño no procedemento creativo.

En 1937, Salvador Dalí pinta o cadro *O soño*, obra na que amosa o seu interese polo mundo dos soños e do subconsciente en xeral.

Dalí, como moitos outros artistas que se desprazaron no campo do surrealismo, atopou na liberdade que ofrecía a subconsciencia o espazo perfecto para crear o lugar onde todo era posible, onde toda aparencia podería ser transformada; a arte entendida como resultado da produción do inconsciente persoal pero, iso si, controlando o proceso de creación.

O surrealismo significou un cambio radical no xeito de percibir a realidade e estableceu unha relación profunda entre as imaxes e os soños, o cal tivo unha repercusión xeral no mundo da arte que se mantivo ata os nosos días.

En España, o surrealismo comeza a filtrarse nos anos 20 a través do traballo de artistas como MIRÓ e DALÍ, pero fúndese, inicialmente, con outras tendencias artísticas máis ou menos populares ou tradicionais.

A obra de Saturno Lois bebe das fontes do surrealismo. O seu particular mundo creativo relaciónase cos soños e tamén a súa obra, como a de case todos os creadores surrealistas, mantén unha relación estreita coa literatura.

O Museo Provincial posúe unha colección formada por 18 obras de Saturno Lois, asinadas e datadas en 1979 e que lle foron doadas á institución polo autor en 1983.

Trátase de composicións de características similares, tanto no concepto como na técnica.

Describen un mundo creativo fortemente vinculado co onírico ao que o artista lle dá un tratamento plástico e iconográfico que enlaza plenamente co mundo da ilustración.

Están executadas coa técnica da acuarela, que permite entoar con cores suaves e conseguir transparencias para o tratamento dos fondos, pero tamén debuxar os detalles e as siluetas das figuras ao aplicala case opaca.

Recrean espazos abatidos e misteriosos que transmiten silencio, nos que o autor utiliza elementos da realidade como a brétema, a auga, o reflexo, a praia ou o ceo para idear escenas imaxinarias.

Definen paisaxes e edificios irreais que demostran o interese do pintor pola arquitectura (arcadas, palacios...). Algúns debuxos amosan construcións imaxinarias compostas por prismas que evocan a pintura metafísica de Giorgio de Chirico (1888-1978).

A amplitude e a escala dos espazos representados acentúanse co particular uso da perspectiva e coa disposición de pequenas figuras ou siluetas, recurso frecuente na obra daliniana.

O conxunto é unha boa oportunidade de achegamento á última etapa da obra de Saturno Lois e, tamén, pode ser un bo punto de partida para o estudo e valoración do artista.